

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 22

ano 3

maio-xuño-2009

A documentación notarial (II)

OS REXISTROS DE ESCRITURAS NA IDADE MEDIA



Xoán García era notario do Concello de Ourense, e como tal daba **fe pública** dos actos xurídicos desta institución pero tamén autorizaba escrituras privadas. Era práctica habitual dos notarios da súa época rexistrar en **libros de notas** ou en rexistros o contido dos documentos que pasaban ante eles a fin de que lle quedase constancia das escrituras que autorizaban por se no futuro se lles requiría unha copia.

Parece que o **procedemento de redacción** dunha escritura era o seguinte: o notario, neste caso Xoán García, escoitaba aos outorgantes ante as testemuñas e anotaba os datos necesarios para a redacción do documento (data e lugar, filiación dos outorgantes, nome das testemuñas, condicións do negocio xurídico, fórmulas de validación, etc.). Posteriormente daría forma á “minuta” ou borrador que lle serviría de base para redactar os documentos que lle entregaría aos outorgantes.

O **rexistro de escrituras** de Xoán García, ao que se dedica este número de *Fron da*, com-

ponse de varios cadernos cosidos en forma de libro e nel atópanse documentos relativos a distintos **actos xurídicos** (testamentos, compravendas, poderes, testemuños de querelas, foros, arrendos, cartas de pagamento...). Sitúase cronoloxicamente no tránsito da Idade Media á Idade Moderna, pero exemplifica ben unha tipoloxía documental que, con variantes, xa contaba con máis de dous séculos de vida. Permítenos coñecer as actividades sociais, económicas e políticas dunha parte das xentes que viviron na cidade de Ourense e a súa terra a finais do século XV.

Este libro rexistro é un dos tres que se conservan deste notario. Os outros dous custódianse no Arquivo da Catedral de Ourense.

1484. Ourense

Rexistro de escrituras de Xoán García, notario do Concello da cidade de Ourense.

Orixinal; papel; escritura gótica cursiva cortesana; galego;

207 x 145 mm

AHPOu. Concello de Ourense, L. 243

Escrituras, notas e rexistros

Como xa se indicou, antes de redactar as escrituras, *scriptores* e notarios anotaban nun borrador os datos necesarios para a versión definitiva que sería entregada aos outorgantes. A diferenza dos *scriptores*, que actuaban de maneira ocasional, os **notarios públicos**, xa totalmente profesionalizados, empezaron a gardar de maneira ordenada e desde a segunda metade do século XIII aquelas **notas** ou borradores, a modo de **rexistro**.

O que comezaron sendo simples e sintéticas anotacións en sucio, acabaron por reproducir o contido abreviado ou íntegro da escritura pasada a limpo, de xeito que o notario podía conservar o texto parcial ou completo dos documentos que entregaba aos outorgantes. Estes conxuntos de documentos cosidos en forma de libro deron lugar aos **libros de notas** ou **rexistros de escrituras** como os do notario do Concello de Ourense, Xoán García.

Boloña e o valor xurídico dos rexistros

Os xuristas da **Universidade de Boloña**, promotores do **rexurdimento do Dereito** desde finais do século XI e referentes de autoridade xurídica en Europa, consideraron que se lles podía recoñecer valor probatorio a eses borradores de escrituras que gardaban os notarios.

Afonso X, o Sabio, (1252-1284), introdutor na Coroa de Castela das novidades do dereito europeo, recolleu esta idea nos seus textos xurídicos (*Fuero Real*, *Espéculo e Partidas*) onde, ademais de regularse a confección de escrituras e rexistros, establecíase a obriga de conservar as anotacións do escribán ás que se lles recoñecía o mencionado valor probatorio.


Pero como parece que a obra xurídica do rei sabio non tivo aplicación inmediata, a elaboración de rexistros de escrituras -tanto no **Reino de Galicia** como no resto da Coroa de Castela- non se regularizou ata ben entrado o século XIV. Por iso, a diferenza do que acontece nos territorios da Coroa de Aragón, non se conservan rexistros dos séculos XII e XIII e do mesmo xeito son escasos os datados nos séculos XIV e XV. **Ourense** é unha cidade afortunada para esta época, pois, ademais do rexistro de Xoán García do AHPOU, conta con libros similares deste e doutros notarios que se conservan no Arquivo da Catedral.

Galego, lingua dos notarios medievais

O libro rexistro de Xoán García está escrito en lingua galega, aínda que os máis antigos documentos notariais que conservamos foran redactados en **latín**. Foi durante o século XII cando o latín comezou a ser substituído na documen-

tación notarial polas linguas romances, as que realmente eran utilizadas pola xente na súa comunicación oral en territorios como Galicia (galego) ou Castela (castelán).

O **predominio do galego** como lingua notarial de Galicia perdurou ata a segunda metade do século XV. Desde a segunda metade do XIV comézase a apreciar a penetración do castelán nos documentos e pouco a pouco vai gañando terreo de xeito que a mediados do século XVI as escrituras en lingua galega son excepción. Iso explica o especial valor da documentación notarial para os **estudos lingüísticos** do galego medieval.



Detalle do rexistro de escrituras de Xoán García (1484).

Como non consta que houbera prohibición legal da utilización escrita do galego, a paulatina substitución deste polo castelán como lingua notarial parece responder á combinación de varias causas que teñen como denominador común a lenta pero progresiva **centralización do poder**, un proceso común que se deu desde a Baixa Idade Media nas monarquías da Europa occidental.

Así, para exercer o oficio de escribán na Coroa de Castela era necesario superar un exame que, polo menos desde 1480, había que realizar ante o Real Consello e no que se tiña que probar o coñecemento dos **formularios notariais casteláns** que logo, no seu exercicio profesional, estes escribáns empregarían para a redacción dos documentos que autorizaban.

Adóitase apuntar outra circunstancia, que non é allea á anterior, como a instalación en Galicia de **escribáns casteláns** que virían acompañando, supostamente, á nobreza tras-tamarista cando esta se instala en Galicia na segunda metade do século XIV.

Por último, a creación a finais do século XV dun órgano político-xudicial da Monarquía como a **Real Audiencia de Galicia** tamén se cita como axente que contribuíu á entrada de autoridades de orixe non galega que terían favorecido o uso do castelán nos textos escritos.